

CIENCIAS SOCIAIS 6º EP

Ola, chicos e chicas de 6º de primaria!!

Este vernos pasado, estivemos facendo na clase as partes que vos faltan do traballo de Ciencias Sociais que tedes que entregar o mércores 18 de novembro: ÍNDICE, INTRODUCCIÓN, CONCLUSIÓN E BIBLIOGRAFÍA.

A continuación, tedes o que debedes poñer en cada unha destas partes do traballo para que podades completalo desde casa.

Recordade que cada un destes apartados debe ir nunha páxina diferente e ordenadas seguindo o esquema do traballo que tedes na fotocopia que vos din na clase.

ÍNDICE

Introdución	páx. 2
A paisaxe	páx. 3
A protección das paisaxes	páx. __
Tipos de espazos naturais protexidos	páx. __
A paisaxe humanizada	páx. __
A paisaxe natural	páx. __
O consumo insustentable	páx. __
O desenvolvemento sustentable	páx. __
Conclusión	páx. __
Bibliografía	páx. __

NOTA:

O índice debe ser o último apartado que fagades, xa que tedes que poñer o número de páxina de todas as partes do traballo e non o podedes saber ata que rematedes todos os demais apartados.

No índice non debe aparecer nin a portada nin o propio índice. O primeiro apartado que aparece dentro do índice é a introducción.

Como vedes, a introdución é a páxina 2 do traballo, xa que a páxina 1 é a portada, pero recordade que aínda que a portada sexa a páxina 1, non lle poñemos o número. No resto de páxinas si que debe aparecer o número na parta de abaixo da folia.

INTRODUCCIÓN

Este traballo recolle información sobre “A Paisaxe”. Para elaboralo empregouse o libro de texto de Ciencias Sociais de 6º EP e algunhas páxinas web para buscar imaxes.

Consta de diferentes apartados a través dos cales se explica que é a paisaxe, a protección das paisaxes, os tipos de espazos naturais protexidos, a paisaxe humanizada e natural, o consumo insustentable e o desenvolvemento sustentable.

Ao final do traballo atópase unha breve conclusión e a bibliografía.

NOTA:

Na introdución se explica cal é o tema principal do traballo, o material que empregamos para facelo e os diferentes apartados nos cales se divide o traballo.

CONCLUSIÓN

(Elaboración propia e persoal).

NOTA:

Este apartado mostra a vosa opinión persoal sobre o traballo, polo tanto, cada un debe facer a súa propia conclusión.

Na conclusión do traballo debes explicar o que aprendestes sobre A Paisaxe facendo o traballo (por exemplo: con este traballo aprendín a importancia de coidar os espazos naturais porque...).

Tamén debes contar que vos pareceu realizar este traballo (por exemplo: realizar este traballo gustoume porque.../ realizar este traballo pareceume interesante porque.../ realizar este traballo non me gustou porque...).

BIBLIOGRAFÍA

Ciencias Sociais. 6º E.P. Mario Moreno Cortina, Laura Llorente Vega e Santiago Rodríguez Rivarola. Editorial Tambre Edelvives.

Páxinas web para buscar imaxes.

NOTA:

Na bibliografía temos que especificar o material que empregamos para facer o traballo. Para este traballo únicamente empregamos o libro de texto e páxinas web para buscar imaxes.

Calquera dúbida, enviádeme un correo: profeantia@gmail.com

ACTIVIDADES

Agora que xa están explicadas as partes que vos faltan por facer do traballo, déixovos as actividades que tendes que facer estes días na casa para a materia de Ciencias Sociais.

Esta semana aprenderemos a facer **CLIMOGRAMAS**.

Un climograma é a representación gráfica das temperaturas e das precipitación dun lugar determinado.

A continuación, déixovos varios vídeos para que compendades mellor que é un climograma:

- a) https://www.youtube.com/watch?v=-jPmwBTcMII&ab_channel=Practicopedia
- b) https://www.youtube.com/watch?v=Dgd3MADqq54&ab_channel=Analriarte
- c) https://www.youtube.com/watch?v=725qWyHlejs&ab_channel=LAURAMOLINA

Unha vez vistos os vídeos debes facer a seguinte actividade que consiste en **elaborar un climograma**. Podedes facer o climograma no voso caderno ou imprimir a ficha da páxina seguinte. Tamén tedes información sobre os climogramas na páxina 19 do libro.

Recordade **estudar os climas a as paisaxes da España**. Podedes estudar polos esquemas que fixemos no caderno ou polas páxinas 18, 32 e 33 do libro.

Unha vez feito o climograma, enviádeme unha foto ao meu correo.

MOITO ÁNIMO, CHICOS E CHICAS!!!

UN ABRAZO MOI GRANDE!!!

Antía.

Ejercicio práctico

	E	F	M	A	M	J	J	A	S	O	N	D
T °C	8	10	11	13	18	23	28	25	22	17	11	8
P. mm	44	78	49	90	65	3	0	0	28	25	61	6

1º Construye el climograma

